

Baixo a marca téxtil MO**EROSKI COMERCIALIZA A PRIMEIRA MÁSCARA QUE INACTIVA O VIRUS DA COVID-19**

- Desenvolvida pola empresa portuguesa Sonae con quen EROSKI mantén un acordo de colaboración para comercializar a súa marca téxtil
- A máscara MOxAdTech superou con éxito as probas do Instituto de Medicina Molecular João Lobo Antunes, converténdose na primeira capaz de inactivar o virus
- EROSKI dispón da máscara en súa rede comercial

Elorrio, 30 de xullo do 2020.- [EROSKI](#) comercializa, baixo a marca MO, a primeira máscara téxtil que inactiva o virus sars-cov-2 que orixina a COVID-19. Este protector facial de orixe portuguesa superou con éxito as probas realizadas polo [Instituto Molecular João Lobo Antunes de Lisboa](#) (IMM).

Tal e como especifica a información que achega o proveedor, trátase dunha máscara reutilizable de alta eficiencia, comfortable e impermeable, que conta cun innovador revestimento que neutraliza o virus SARS-CoV-2 cando entra en contacto co tecido, un efecto que se mantén tras 50 lavados.

Segundo a información técnica oficial, esta máscara facial está desenvolvida cun tecido técnico que integra varias capas distintas e un tratamento repelente á auga que permite neutralizar as bacterias e o virus ao entrar en contacto coa máscara.

Atópase tamén certificada para a protección respiratoria de partículas externas por mor da elevada capacidade de retención de partículas da súa fibra/malla. Este produto conta, ademais, coa certificación [OEKO-Tex](#), que demostra a ausencia de produtos químicos nocivos durante o proceso de fabricación, e é inofensivo en termos ecolóxicos humanos. A máscara está deseñada e fabricada en Portugal e é o resultado da colaboración entre varios axentes da comunidade empresarial, científica e académica, entre os que se atopa a empresa [Sonae](#) Fashion e o seu detallista do sector da moda [MO](#), con quen EROSKI pechou un acordo de colaboración hai menos dun ano para a comercialización da súa marca téxtil.

A máscara MOxAdTech pódese atopar ao prezo de 9,95 euros nos establecementos da rede comercial de EROSKI.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)